

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E OBRADOIRO CLUB DE AMIGOS BALONCESTO S.A.D., PARA O ANO 2023

Dunha parte, D^a. Goretti Sanmartín Rei, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. Raúl José López López, con documento de identidade número 33803327C, Presidente do OBRADOIRO CLUB DE AMIGOS BALONCESTO S.A.D., con domicilio social en Santiago de Compostela na Rúa Diego Bernal s/n, con CIF A70334875, co número de Rexistro na Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia S-12183 e no Rexistro de Asociacións Deportivas do Consello Superior de Deportes, co número 122, no libro do rexistro de Sociedades Anónimas Deportivas.

Interveñen as dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren e

EXPOÑEN

- I. Que o presente convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- II. Que o Concello de Santiago de Compostela é competente en materia de promoción deportiva ao abeiro do disposto no artigo 25.2.I da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 8 da Lei 3/2012, de 02 de abril, de deporte de Galicia.
- III. Que son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 28 da Lei 38/2003 Xeral de subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, así como, de forma específica, no artigo 31.5 das Bases de execución do orzamento municipal prorrogado para o ano 2023.
- IV. Que o Concello de Santiago, para levar a cabo, coa colaboración do OBRADOIRO CLUB DE AMIGOS BALONCESTO S.A.D. (en adiante OBRADOIRO CAB SAD), o obxecto deste convenio, estará ao previsto nas Bases de execución do orzamento municipal 2022 prorrogado para o ano 2023, achegando a cantidade de **cento vinte mil euros (120.000.-€)** con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4790001.

E, polo que as partes

MANIFESTAN

- I. Que o OBRADOIRO CAB SAD é o club máis representativo a nivel local na modalidade de baloncesto, dado que está a participar na primeira división nacional (Liga Endesa – ACB) —máxima categoría neste deporte—, o que o converte nun referente local a nivel deportivo e social.

- II. Que o Concello de Santiago considera importante establecer acordos de colaboración coa mencionada entidade co fin de garantir a súa presenza na elite do deporte de competición, considerando que é positivo polo que supón para a promoción da cidade, así como de exemplo e motivación para o deporte de base. En consecuencia,

CONVENIEN

1º.- Que é obxecto deste convenio subvencionar parte dos gastos necesarios para que OBRADOIRO CAB SAD compita durante o ano 2023 na Liga profesional de baloncesto ACB, denominada Liga Endesa, máxima categoría estatal na modalidade de baloncesto masculino, así como nas diferentes competicións derivadas dos resultados obtidos. Isto significa que deberá participar nas mencionadas categorías deportivas durante as tempadas 2022/2023 e 2023/2024.

2º.- O OBRADOIRO CAB SAD comprométese a presentar antes da sinatura do presente convenio, para que forme parte do mesmo, a seguinte documentación:

2.1.- Documentación xeral da entidade:

- a) Copia do CIF da entidade.
- b) Copia do documento de constitución.
- c) Copia dos estatutos vixentes da entidade.

No suposto de non empregar un certificado dixital de representante de persoa xurídica, tamén aportará:

- d) Acreditación da representación da persoa solicitante.
- e) NIF da persoa representante.

Se dita documentación obra xa en poder do Concello de Santiago (Departamento de Deportes) e non sufriu ningunha modificación, farase constar segundo o modelo normalizado "**DEP-NOM-A-III-01. Aproveitamento documentación preexistente**".

2.2.- Certificación oficial da ACB pola que se acredita a súa participación na liga ENDESA durante a tempada 2022/23.

2.3.- Certificación da entidade, asinada pola Secretaría co visto e prace da Presidencia, do orzamento de gastos e ingresos aprobados para a tempada 2022/23 da categoría obxecto de subvención, así como o xeral da entidade.

2.4.- Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa facenda da Comunidade Autónoma. Non obstante, se o considera oportuno poderá dar autorización escrita, segundo modelo "**DEP-NOM-A-III-02. Autorización consulta débedas**" para que o Concello poida directamente realizar as consultas pertinentes para estes supostos en calquera fase do procedemento.

O Departamento de Deportes solicitará de oficio a certificación de estar ao corrente no pago co Concello de Santiago.

2.5.- Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figure a entidade como titular e o seu número de conta e no que conste o BIC e o IBAN.

2.6.- Declaración xurada da Presidencia de non estar incurso a entidade que representa, nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria da subvención establecidas no

artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A tal efecto, haberá de cubrir o modelo “**DEP-NOM-A-III-03B. Declaración xurada Artigo 13 Lei 38-2003**”.

2.7.- Escrito asinado pola Presidencia da entidade no que se recolla expresamente cales son os conceptos de gastos obxecto de subvención e cantidades a incluír no apartado 4 do Convenio. Estes conceptos de gasto deberán:

- Estar directamente relacionados coa actividade e non se considerarán os de carácter estrutural e/ou inventariable.
- Figurar de modo explícito no orzamento da actividade.

A entidade cubrirá a tal efecto o modelo “**DEP-NOM-A-III-04B. Relación de conceptos de gasto do convenio**”.

2.8.- Documentación acreditativa do cumprimento do artigo 13.3.bis da Lei 38/2003 Xeral de subvencións.

3º.- Ademais do anterior, en cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, o persoal, colaboradores ou voluntarios da entidade beneficiaria que estean en contacto habitual con menores, non poderán ter sido condenados por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade sexual, ou a trata de seres humanos. Para tal efecto, estas persoas deberán acreditar ante a entidade beneficiaria, que achegará declaración xurada nese senso, dita circunstancia mediante a presentación de certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais. A tal efecto, a entidade haberá de cubrir o modelo “**DEP-NOM-A-III-05A. Declaración xurada Lei Orgánica 1-1996**”.

En caso de que a actividade subvencionada non implique trato con menores, haberá de cubrir o modelo “**DEP-NOM-A-III-05B. Declaración xurada non aplicación Lei Orgánica 1-1996**”.

4º.- O Concello de Santiago comprométese a subvencionar no ano 2023 a OBRADOIRO CAB SAD coa cantidade de **120.000.-€** con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4790001 destinados a colaborar no financiamento do gasto que supón a participación na competición indicada no punto 1º deste convenio.

4.1.- Destes 120.000.-€, a efectos de xustificación, 101.000.-€ estarán vinculados coa tempada 2022/23, e estarán destinados a financiar os seguintes conceptos de gastos que figuran no seu orzamento, todos eles correspondentes ao ano 2023 (primeiro semestre).

CONCEPTO	IMPORTE
Dereitos de mesa e arbitaxes	2.500 €
Vixilancia partidos	10.700 €
Persoal organización partidos	23.400 €
Desprazamentos autobús	13.500 €
Axentes de xogadores	22.750 €
LEDS U-TV, pantallas e vídeo	19.000 €
Análise estatístico	8.500 €
Servizos médicos	11.500 €
Servizos de media	9.500 €
Total orzamento por estes conceptos	121.350 €

4.2.- Os 19.000-€ restantes, a efectos de xustificación, estarán vinculados coa tempada 2023/24, e estarán destinados a financiar os seguintes conceptos de gastos que deberán figurar obrigatoriamente no seu orzamento, todos eles correspondentes ao ano 2023 (segundo semestre).

CONCEPTO	IMPORTE
Inscrición Fegaba	4.000 €
Mutualidades	5.500 €
Servizos médicos	4.400 €
Análise estatístico	4.000 €
Servizos de media	5.000 €
Total orzamento por estes conceptos	22.900 €

A contribución municipal manterase sempre e cando, en concorrencia con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos públicos ou privados, non se supere o orzamento total de gastos presentado por OBRADOIRO CAB SAD para cada unha das tempadas indicadas.

5º.- O OBRADOIRO CAB SAD está obrigado a publicitar a colaboración do Concello de Santiago de Compostela. A tal efecto comprométese en virtude deste convenio á:

5.1.- Rotulación de forma clara e visible do anagrama do Concello acompañado do nome da cidade de "Santiago de Compostela" na pista de xogo do Edificio Multiusos Fontes do Sar, así como, a colocación dalgún valado publicitario co lema Concello de Santiago en zonas visibéis do recinto durante a celebración dos seus encontros.

5.2.- Rotulación do anagrama do Concello de Santiago nas camisetas de quecemento da primeira plantilla.

5.3.- Publicitar a colaboración do Concello de Santiago na web da entidade, nas súas redes sociais, así como, durante as roldas de prensa que se desenvolvan no Edificio Multiusos.

6º.- Para facer efectivo o pago é condición necesaria que OBRADOIRO CAB SAD presente no Rexistro Xeral do Concello de Santiago, a través da sede electrónica, **con data límite do 7 de novembro de 2023**, a documentación requirida exposta nos apartados 6.1. a 6.9.

A continuación se indica a documentación precisa para a xustificación do convenio:

6.1.- Declaración asinada pola Presidencia da entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade, ter cumprido os compromisos especificados na cláusula 5º do presente convenio. A tal efecto, cubrirase o modelo normalizado "**DEP-NOM-X-II-01. Declaración de cumprimento de compromisos do convenio**".

Presentaranse unha **memoria detallada** con xustificantes de recortes de prensa, fotografías, resultados deportivos, así como modelos de cartaces, entradas, abonos..., se existen, nos que se observe con claridade o cumprimento da parte que lles corresponde do establecido neste convenio. A tal efecto, atenderase ao establecido no modelo normalizado "**DEP-NOM-X-II-02. Memoria xustificativa actividades**".

6.2.- Documento coa relación detallada de todos os gastos realizados obxecto da subvención, asinada pola presidencia da entidade, a efectos de facilitar a tramitación administrativa da xustificación do convenio, que deberán corresponderse cos conceptos

de gasto e contías que figuran na cláusula 4º do presente. A tal efecto, cubrirase o modelo normalizado “**DEP-NOM-X-II-03. Relación de gastos**”.

Con carácter xeral, a relación de gastos deberá vir ordenada cronoloxicamente e por conceptos de gasto, tal e como se establece no modelo normalizado.

6.3.- Facturas ou documentos substitutivos correspondentes a todos os gastos obxecto da subvención, todos eles referidos ao período referido do ano 2023 (1º semestre e 2º semestre), **ordenadas cronoloxicamente segundo a relación de gastos indicada no apartado 6.2.** así como acreditar o seu pagamento antes da data límite de xustificación.

Con carácter xeral presentaranse estes documentos da seguinte forma: factura ou documento substitutivo e, a continuación, xustificante/s de pagamento de dita factura ou documento substitutivo.

Excepcionalmente, baixo o criterio do Departamento de Deportes, poderán aceptarse como xustificantes de gasto, certificacións oficiais federativas, nas que se fagan referencia a importes correspondentes ao ano 2023 e aboados no ano 2023, e aboados no período referido do ano 2023, sempre e cando veñan acompañadas dos xustificantes bancarios e non existan facturas ou documentos substitutivos.

A acreditación do pago realizarase por algunha das seguintes formas:

- Preferentemente mediante transferencia bancaria, coa copia do xustificante do cargo no que deberá figurar o concepto da transferencia, o número de factura, ou de non a haber, o concepto aboadado.
- Excepcionalmente, aceptarase o pago con tarxeta, debidamente xustificado. A entidade deberá aportar certificación bancaria do extracto de movementos da tarxeta. De non quedar claro en dito documento, a entidade deberá aportar declaración aclaratoria, asinada pola Presidencia da entidade, onde se especifique o tipo de gasto, data e canta información se estime oportuna.

A contía a xustificar será polo importe total dos gastos realizados á data de presentación da xustificación do convenio e polos conceptos sinalados na cláusula 4ª. Tendo en conta que os gastos obxecto de subvención considéranse en base aos orzamentos da entidade para cada tempada deportiva, poderanse admitir desviacións ou alteracións na súa xustificación, sempre e cando, se manteña a finalidade do convenio e o xustificado supere o importe da subvención recollida no mesmo.

Respecto aos conceptos de gasto que vaian asociados a xornadas de competición aportaranse calendarios oficiais que permitan asociar ditos gastos á xornada respectiva.

Segundo o artigo 31.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións os gastos subvencionables deberán ter sido abonados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

6.4.- Declaración asinada pola Presidencia da entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade, que as axudas, subvencións, ingresos e recursos públicos ou privados, tanto os solicitados/previstos coma os acadados/concedidos, xunto coa subvención do Concello de Santiago non superaron e non está previsto que superen o orzamento de gastos de OBRADOIRO CAB SAD en cada unha das tempadas previstas

neste convenio, nin cada un dos conceptos de gasto para os que se concede a subvención, previstos na cláusula 4. A tal efecto cubrirase o modelo normalizado “**DEP-NOM-X-II-04. Declaración doutras axudas (convenios de entidade)**”.

6.5.- No momento inmediatamente anterior ao pago e no momento da xustificación **deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos** coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

6.6.- Certificación da entidade, asinada pola Secretaría co visto e praxe da Presidencia, coa **liquidación do orzamento de gastos e ingresos da entidade e da categoría obxecto de subvención correspondente á tempada 2022/23**, indicando a data de aprobación de dita liquidación pola asemblea xeral. De non ser posible a súa presentación deberá motivarse esta circunstancia e deberá achegar un orzamento actualizado.

6.7.- Certificación da entidade, asinada pola Secretaría co visto e praxe da Presidencia, do **orzamento previsto de gastos e ingresos para a tempada 2023/24 da categoría obxecto de subvención, así como o xeral da entidade**. De non ser posible a súa presentación deberá motivarse esta circunstancia e deberá achegar un orzamento actualizado.

6.8.- Certificación oficial da ACB, pola que se acredita a súa participación na liga ENDESA durante a tempada 2023/24.

6.9.- Documentación acreditativa do cumprimento do artigo 13.3.bis da Lei 38/2003 Xeral de subvencións.

7º.- O prazo de vixencia deste convenio remata o 31 de decembro de 2023.

8º.- O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a restitución dos importes dos pagos da subvención que en cada caso se tivese efectuado.

9º.- Polo Concello poderá esixirse, aparte das condicións establecidas neste convenio, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.

10º.- Con respecto aos libros e rexistros contables que deba levar a entidade beneficiaria, así como para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación.

11º.- A contratación con terceiros para a execución dos servizos, asistenciais ou subministros necesarios por valores superiores a 15.000 € recollidos como gasto obxecto de subvención no punto cuarto deste convenio, realizaranse con suxeición ás normas de contratación do sector público garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

12º.- De conformidade ao disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de Subvencións (RD 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, remitirase un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo adicional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas na lexislación aplicable ao respecto.

13º.- O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta: **ES92 2080 0375 1130 4001 6453 (CAGLESMMXXX)**.

14º.- Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto: na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, que aproba o seu regulamento; e na Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

No momento inmediatamente anterior ao pago deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

15º.- As actuacións en materia de protección de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como, ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos.

16º.- Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entre as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.
- e) A declaración xudicial de nulidade do convenio.

17º.- O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público segundo o sinalado no seu art. 6.2), sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Polo CONCELLO DE SANTIAGO

Polo OBRADOIRO CAB SAD

Asdo.: Goretta Sanmartín Rei
ALCALDESA

Asdo.: Raúl José López López
PRESIDENTE